



### 5.3.1.1 USO DO RECINTO EXTERIOR

- **NON SE PODERÁ UTILIZAR O APARCADOIRO SEN ESTAR PREVIAMENTE AUTORIZADO.**
- **NON SE PODERÁ ESTACIONAR NAS PRAZAS RESERVADAS AO ALUMNADO CON MOBILIDADE REDUCIDA NIN NA DE VISITAS., NIN TAMPOUCO NOUTRAS PRAZAS QUE NON SE ATOPEN NA ZONA DE ESTACIONAMENTO DE ALUMNADO.**
- **A AUTORIZACIÓN SERÁ POR MATRÍCULA E NON POR USUARIO/A.**
  - a) As zonas de paso de vehículos utilizaranse atendendo a sinalización existente, conducindo a velocidade adecuada e sen manobrar sobre zonas axardinadas ou habilitadas para peóns.
  - b) Respetaranse as instalacións existentes e seguiranse as instrucións, protocolos e indicacións do persoal do centro.
  - c) O sistema de recoñecemento de matrículas deste CIFP, precisa que o automóbil se posicione correctamente para que as cámaras poidan ler a matrícula. Calquera incidencia na entrada ou na saída debe comunicarse a través dos telefonillos correspondentes.

Na entrada ao aparcadoiro deberá respetarse o sentido de circulación sinalizado horizontalmente:





Na saída do aparcadoiro o automóbil debe posicionarse **lentamente** na área pintada de amarelo:



**Polo tanto non se pode estacionar a carón desta área.**

### 5.3.1.2 NORMAS SOBRE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS

O centro resérvase o dereito a adoptar as medidas correctivas correspondentes establecidas nas NOF e incluso, se o caso o require, poñer os feitos en coñecemento das autoridades competentes.

- a) Para poder utilizar o recinto destinado ao estacionamento de vehículos no CIFP Valentín Paz Andrade (en adiante CIFP\_VPA), deben cumprirse os seguintes requisitos:
  1. Pertencer á Comunidade educativa deste Centro en condición de alumnado.
  2. Cubrir previamente o correspondente formulario (web ou papel).
  3. Acreditar a mobilidade reducida para poder usar as prazas habilitadas ao respecto.
- b) O estacionamento farase nas zonas delimitadas para tal fin, polo que o acceso ás mesmas dependerá da dispoñibilidade de prazas libres. As prazas serán destinadas unicamente ao estacionamento de vehículos lixeiros (coches, motos e furgonetas de Peso Máximo Autorizado inferior a 3.500 kgs.). Non se poderá ocupar máis dunha praza ou impedir a utilización doutras.
- c) O alumnado e outras persoas que poidan atoparse nas zonas de estacionamento e dos seus accesos, deberán respetar e acatar os sinais existentes e as posibles indicacións do persoal do CIFP, para un uso e funcionamento correctos.
- d) As vías de circulación, as zonas de peóns e en xeral os elementos comúns do recinto escolar non poden ser ocupados por vehículos ou parte deles. Os peóns terán sempre prioridade sobre os vehículos en todo o recinto escolar.
- e) Este CIFP resérvase o dereito a pechar temporalmente a zona de estacionamento por calquera causa, sen que haxa lugar a ningún tipo de reclamación.
- f) Os danos e prexuízos que poidan causar os vehículos nas instalacións e elementos patrimoniais deste Centro, noutros automóviles e incluso a outras persoas, serán responsabilidade única e exclusivamente d@s propietari@s e/ou usuari@s.
- g) Este CIFP non se fará responsable dos danos ou subtraccións causados en calquera vehículo estacionado dentro do recinto escolar. Tampouco asumirá a custodia do vehículo.
- h) Comunicarase ao centro calquera incidencia que puidera afectar ao estacionamento como por exemplo: avarías que impliquen a entrada de guindastres, danos no mobiliario urbano ou elementos accesorios, danos noutros vehículos ou nas instalacións do Centro, derrame de líquidos ou calquera tipo de residuos...



- i) Deberán respetarse as seguintes normas:
1. Dentro do recinto escolar non se poderá superar unha velocidade máxima de 20 km/h.
  2. Non estará permitida a entrada de animais, agás que exista unha autorización por escrito e motivada deste centro educativo.
  3. Non se poderán introducir materiais combustibles, inflamables ou perigosos, a excepción daqueles dos que exista unha autorización por escrito e motivada deste centro educativo.
  4. Non se poderá fumar (nin utilizar dispositivos substitutivos do tabaco) nin tomar bebidas alcohólicas e outras substancias prohibidas dentro do vehículo.
  5. Non se permitirán adiantamentos entre vehículos, agás cando se trate de sobrepasar a un vehículo detido e a situación da circulación o permita.
  6. Non se poden utilizar as prazas habilitadas para as VISITAS e para persoas con mobilidade reducida, agás que exista autorización deste centro educativo.

### **5.3.1.3 FALTAS E MEDIDAS CORRECTIVAS**

#### **AS MEDIDAS CORRECTIVAS APLICARÁNSE AO ALUMNADO. POLO TANTO A PROHIBICIÓN DE USAR O ESTACIONAMENTO NON SERÁ POR MATRÍCULA OU VEHÍCULO, SENÓN POR USUARIO/A.**

As faltas cometidas e as medidas correctivas impostas serán comunicadas aos pais ou persoas que exercen a representación legal do alumnado menor de idade (pais), noutro caso serán comunicadas ao titor do grupo.

#### **Consideraranse faltas leves:**

- a) Estacionar en lugares non permitidos ou que non estean habilitados para tal finalidade.
- b) Ocupar máis dunha praza por vehículo.
- c) Entrar e usar a zona de estacionamento sen realizar previamente os trámites que permiten solicitar a autorización correspondente para o uso deste espazo.
- d) Non presentar a documentación requirida para o caso de usuari@s con mobilidade reducida.

**A medida correctiva será o levantamento dun apercibemento por parte do Equipo Directivo, no modelo ou formulario habilitado a tal fin.**

#### **Consideraranse faltas graves:**

- a) Conducir ou actuar de forma temeraria.
- b) Causar accidentalmente danos a calquera elemento propiedade deste Centro.
- c) Non comunicar os danos que se ocasionen, ben ás instalacións deste centro ou a outros vehículos.
- d) Estacionar o vehículo no centro cando se esté en período de cumprimento dunha medida correctiva imposta polo CIFP e que consista na prohibición de utilizar o aparcadoiro.
- e) Non respectar os límites de velocidade ou un sinal de prohibición.
- f) A acumulación de 2 faltas leves.

**A medida correctiva será a prohibición de usar o estacionamento por un período de 1 mes e a suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de 3 días lectivos.**

#### **Consideraranse faltas moi graves:**

- a) Provocar lesións a peóns por conducción temeraria.
- b) A acumulación de 2 faltas graves.
- c) Conducir baixo os efectos do alcol, das drogas ou doutras substancias prohibidas.
- d) Non posuir a documentación esixida para a conducción do vehículo.
- e) Causar de forma premeditada danos a calquera elemento propiedade deste centro ou a outros vehículos.

**A medida correctiva será a prohibición de usar o estacionamento por un período que pode oscilar entre os 3 meses e o resto do curso académico, ademais da suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro por un período que pode oscilar entre os 4 días lectivos e 1 mes.**